



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, relativa á construción dun Centro Sociocomunitario (Centro de Día e Centro Social) en Meis.

O concello de Meis precisa perentoriamente de infraestruturas sociais públicas ao servizo das mulleres e homes que o habitan. Non é de recibo que un concello de 5.000 habitantes non posúa practicamente ningún espazo que posibilite ofertar servizos públicos imprescindíbeis, caso dos desenvolvidos polos Centros de Día. Mais vaíamos á descrición do acontecido en Meis en relación con este asunto.

16 anos de goberno ininterrompido e con maioría absoluta do Partido Popular na Xunta non foron quen de comprometer, nin de dar un só paso na dirección antes indicada, isto é, na dotación dun Centro Sociocomunitario en Meis, que por outra banda ten alcalde e grupo de Goberno Municipal tamén do Partido Popular. Daquela, e até xullo de 2005, nin un só proxecto, nin unha soa iniciativa, nin unha soa xestión.

En marzo de 2008 o concello de Meis aproba por unanimidade unha moción do BNG para o concello se integrar no Consorcio Galego de Benestar, a fin de dotar de servizos sociais públicos á súa poboación. En xullo dese mesmo ano, o concello de Meis acorda ceder a este Consorcio a Casa de Escudeiro, no Mosteiro, para a construción dun Centro Sociocomunitario (Centro de Día e Centro Social).



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porén, o acceso do Partido Popular novamente ao Goberno galego trucou o proceso iniciado e instalou a parálise na posta en marcha dunha infraestrutura absolutamente precisa para Meis. Concello e Xunta comezan por desbotar a opción da Casa de Escudeiro sen dar ningún tipo de explicación. Mentres, non existen indicios que permitan albiscar unha vontade real de dotar a Meis dun Centro de Día. A día de hoxe todo se encontra paralizado.


É curioso que estes feitos se produzan mentres a “propaganda oficial” do Partido Popular vai noutra dirección. Lembremos o compromiso oficial do actual Presidente da Xunta no seu discurso de investidura, solemnemente pronunciado no Parlamento de Galiza. E solemne tamén o seu compromiso, formalizado en sede parlamentar, de dotar dun Centro de Día a todos os concellos de máis de 1.500 habitantes. Esquecéronse de Meis.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Sanidade e Política Social:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a proceder á construción e posta en funcionamento en Meis dun Centro Sociocomunitario (Centro de Día e Centro Social) de titularidade e xestión públicas, no espazo coñecido como Casa de Escudeiro, nun prazo non superior a un ano.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 04/05/2010 14:08:46**